

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 225 - Servizos á comunidade
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]

A primeira proba do proceso selectivo consta de dúas partes (A e B), e en ambas avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS XERAIS:

- Presta atención á presentación (marxes, riscados, páxinas numeradas...), e escribe con letra clara e lexible.
- Emprega unha adecuada expresión escrita: capacidade de redacción, correcta ortografía, pulcritude na presentación.
- Emprega un vocabulario técnico amplo e adecuado e amosa fluidez na expresión escrita.
- Mostra evidencias que avalan o exposto, e ofrece referencias, investigacións, autores, lexislación... que dan rigor ao desenvolvemento da proba.

PARTE A: RESOLUCIÓN DE SUPOSTO PRÁCTICO

- Aplica técnicas procedimentais propias da especialidade para resolver o suposto, demostrando coñecementos da especialidade, actualizados e aplicando a lexislación apropiada.
- Presenta unha proposta con sentido práctico e relista, axustada ao suposto que se presenta, que teña coherencia interna e cun desenvolvemento claro e ordenado.
- Presenta unha proposta orixinal e innovadora na resolución do suposto.
- Incorpora a perspectiva de xénero na proposta presentada.

PARTE B: DESENVOLVEMENTO ESCRITO DUN TEMA

- Os contidos expostos están actualizados e se axustan aos epígrafes do temario.

- A estrutura do tema presenta, como mínimo, os seguintes apartados: título, índice, introdución, desenvolvemento dos epígrafes do índice, conclusión e referencias.
- Relaciona os contidos con outros temas, ciclo, módulos e unidades de competencia.
- Cumpre os aspectos formais precisos en canto á estrutura, relacionando os epígrafes correspondentes.
- Presenta un tema coherente e claro na redacción.

CRITERIOS PARA A LECTURA DAS PARTES DA PROBA

- Realiza unha lectura da proba fluída e áxil, como resultado dunha expresión escrita correcta.
- Avisa claridade expositiva, cun uso axeitado da linguaxe e emprego de vocabulario técnico.